

Intercambio de mercadorías coa rexión norte de Portugal

METODOLOXÍA

A estatística de intercambios Galicia / Norte de Portugal é unha das actividades estatísticas que o Instituto Galego de Estatística leva a cabo xunto coa Dirección Regional do Norte (DRN) do Instituto Nacional de Estatística de Portugal; é unha das operacións con máis tradición e dispón de resultados dende o ano 1994.

1. Obxectivos e utilidades.

O obxectivo da operación **Intercambios Galicia / Norte de Portugal** é cuantificar as transaccións intracomunitarias de bens que teñen orixe e destino na eurorrexión formada polos territorios de Galicia e a Rexión Norte de Portugal.

2. Ámbitos de investigación.

Esta enquisa diríxese por parte do IGE á tódalas empresas que figuran no directorio de empresas españolas que declararon no sistema INTRASTAT intercambios comerciais con Portugal con orixe ou destino en Galicia e por parte da DRN do INE ás empresas que realizaron intercambios con España con orixe ou destino na Rexión Norte.

3. Aspectos metodolóxicos

O sistema INTRASTAT, que entrou en vigor en xaneiro de 1993 (Regulamento CEE nº 3330/91 do Consello), establece a obriga de declarar, unicamente a efectos estatísticos, a toda persoa física ou xurídica que interveña nun intercambio de bens entre estados membros, excluindo, en xeral, á que non é suxeita pasiva do IVE. Esta obriga, así como o detalle e a periodicidade da información solicitada, determínanse en función duns umbrais establecidos a priori e expresados en cifras monetarias de volume de comercio realizado no exercicio anual anterior ó que se declara. Entre estes umbrais, que se aplican por separado ós operadores de expedición e introducción, está o denominado de asimilación, que dispensa ós obrigados situados por debaixo del a realizar unha declaración estatística específica. O umbral de asimilación foi variando en España desde os 4 millóns de pesetas en 1994 (24.040 euros) ata os 16 millóns de pesetas (96.162 euros) fixados

para 2000. En Portugal é de 12 millóns de escudos (59.856 euros) nas cegadas e de 17 millóns de escudos (84.796 euros) nas expedicións.

Esta é unha das razóns que están detrás das asimetrías que sempre se observan ó confrontar os datos dos fluxos comerciais entre países. Neste caso, ademais, estase ante dúas realidades ben diferentes no tocante ó número e tamaño dos operadores. No ano 1999, por exemplo, un total de 1.792 empresas españolas declararon intercambios con Portugal de mercadorías con orixe/destino en Galicia. Do outro lado da fronteira e no mesmo período contabilizáronse 7.104 operadores con España.

4. Recollida da información

A lexislación comunitaria establece que para cada clase de mercadoría débense declarar, entre outros, o código da Nomenclatura Combinada, o estado membro de procedencia ou destino, a cantidade, e o valor. Con carácter facultativo, os estados poden demandar tamén información sobre o país de orixe e a rexión de orixe/destino. Dado que en España e Portugal se recollen estes datos complementarios, podemos partir de directorios de operadores seleccionados segundo orixe/destino territorial das mercadorías obxecto de intercambio, minorando así os problemas da cobertura na valoración dos fluxos que se producirían se utilizásemos exclusivamente a información declarada polas empresas con sé nas respectivas rexións.

En Portugal as estatísticas de comercio intracomunitario son competencia do Instituto Nacional de Estatística, que as executa a través das súas Direccións Rexionais. En España é o Departamento de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Tributaria o encargado de implementar e desenvolver de xeito centralizado o sistema INTRASTAT. Esta situación crea certo grao de desaxuste nas condicións e nos prazos nos que se pode abordar a investigación sobre intercambios rexionais desde Galicia e desde o Norte de Portugal. A colaboración entre o Departamento de Aduanas e o IGE é determinante para executar a parte do proxecto que corresponde a Galicia.

Tomando como referencia para o deseño dos instrumentos específicos que se utilizan nos traballos de campo a metodoloxía INTRASTAT, particularmente no relativo á definición de variables e á clasificación das mercadorías, a operación sobre intercambios rexionais dirixese en Portugal a tódalas empresas que declararon a Rexión Norte como orixe/destino das súas transaccións comerciais con España. Utilizando procedementos simétricos, desde Galicia se pide información a tódolos operadores españois que declararon intercambios con Portugal de mercadorías procedentes ou con destino final no territorio da Comunidade Autónoma.

Cada empresa debe consignar, nun cuestionario que recibe anualmente, o valor das transaccións entre as dúas rexións de referencia, segundo a clasificación de produtos que figura a continuación que se corresponde cunha agregación de seccións da Nomenclatura Combinada.

Recóllese, polo tanto, información de ámbolos dous fluxos, introduccións e expedicións, en cada territorio. As cifras finais son o resultado da análise, validación e confrontación das dúas fontes, para conseguir datos de intercambios comerciais Galicia-Norte compatibilizados.

Remitimos ó usuario desta información sobre comercio interrexional ás notas metodolóxicas da publicación do IGE “Estatística de Comercio Exterior”, que recolle con detalle, ademais dos criterios de rexionalización das estatísticas de comercio exterior e intracomunitario de España, os aspectos máis salientables do sistema Intrastat: lexislación, ámbito de aplicación, obrigados estatísticos, tipos de declaración, umbrais, variables, nomenclaturas, etc.

5. Presentación de resultados

Nesta publicación preséntanse dúas táboas coa información referida ás introduccións de Galicia/expedicións da Rexión Norte e ás expedicións de Galicia/ introduccións da Rexión Norte de cada ano dende 1994 para 10 agrupacións de produtos.

Nota ós datos de 2000:

No ano 2000 o IGE non dispuxo, por dificultades de natureza administrativa, da posibilidade de actualizar o marco da enquisa coas empresas que realizaron intercambios comerciais con Portugal, polo que os presentes datos deben considerarse provisionais. En todo caso, a complementariedade dos fluxos comerciais observados polo INE e polo IGE permiten concluír que o impacto derivado desta situación é reducido

ANEXO 1: AGRUPACIÓN DE PRODUCTOS

	Agrupacións de produtos	Nomenclatura Combinada (seccións arancelarias)
1	Productos agrícolas, gandeiros e da pesca	I; II
2	Productos da industria alimentaria	III;IV
3	Minerais e as súas manufacturas	V;XIII
4	Productos da industria química	VI;VII
5	Téxtil e confección	VIII;XI;XII
6	Madeira, pasta e papel	IX;X
7	Metais e as súas manufacturas	XV
8	Máquinas e aparellos	XVI
9	Material de transporte	XVII
10	Outras mercadorías	XIV;XVIII;XIX,XX;XXI;non clasificados